



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1248/1102

ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8 DE XULLO DE 2022.

- 1.- Ratificación da urxencia.

FESTAS

- 2.- Expediente de contratación do patrocinio publicitario do concerto de BRYAN ADAMS no Complexo Deportivo das Travesas. Expte. 9270/335.
- 3.- Proposta de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de "Coral Casablanca". Expte. 9251/335.

MONTES, PARQUES E XARDÍNS

- 4.- Aprobación da participación do Concello de Vigo na convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornos saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Expte. 49972/446.

RECURSOS HUMANOS

- 5.- Nomeamento interino con cargo a prazas vacantes de 6 bombeiros para o Servizo de Extinción de Incendios. Exp. 40094/220
- 6.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas dunha traballadora social para o Servizo de Igualdade. Expte. 40093/220.

XUVENTUDE

- 7.- Expediente de contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro, "programa Verán Xove 2022". Expte. 9516/336.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes aos expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE na Sala do Pleno de xeito presencial o día **08 de XULLO de 2022, ás 14:10 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese aos Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolles que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á secretaria do Goberno e aos demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

JRB/rs.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez